



Asunto: Resolución de inscrición da xunta directiva.

Con data 24 de xaneiro de 2023 recibíuse solicitude de inscrición da modificación da xunta directiva, formulada por MANUEL MUÑIZ BESTEIRO en nome e representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE, (Castroverde-Lugo), inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co núm. **2005/008993-1**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Único. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola asemblea xeral da Asociación en data 21 de xaneiro de 2023, na que consta a identidade das persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

Presidente/a	MANUEL MUÑIZ BESTEIRO
Vicepresidente/a	MARÍA ANA ARIAS CORDERO
Secretario/a	ANTONIO VENTURA FIGUEROA PAZ
Tesoureiro/a	MARINA SEIJAS CARBALLEDO
Vogal	PABLO CASTEDO LENCE
Vogal	ENRIQUE LUÍS GONZÁLEZ RIOBO

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeira. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segunda. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, sobre asunción de funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións e espectáculos públicos, respectivamente, polos reais decretos 1639/1996 e 1640/1996, ámbolos dous do 5 de xullo, e a súa asignación á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceira. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarta. Esta Xefatura Territorial é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.





Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, **RESOLVO:**

Inscribir as persoas titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE de conformidade co expresado no feito único desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera as persoas interesadas do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente segundo e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lugo, na data da sinatura dixital

O xefe territorial

Gerardo Criado Guizán

